



LIGA LOCAL FÚTBOL 7 - 2026

VILA DE CRUCES



**Concello de
Vila de Cruces**

LIGA LOCAL DE FÚTBOL 7 – 2026

A Concellería de Deportes do Concello de Vila de Cruces organiza a Liga Local de Fútbol 7, a través da empresa Discóbolo Galicia S.C., adxudicataria da prestación dos servizos deportivos municipais.

O prazo de inscrición para participar na Liga Local de Fútbol 7 - 2026 estará aberto dende o 15 ata o 22 de xuño de 2026. As inscricións realizaranse a través de Whatsapp no número 617 409 895.

O sorteo da primeira xornada realizarase o día 26 de xuño de 2026 no Ximnasio Municipal de Vila de Cruces. O horario comunicarase posteriormente.

O custo da inscrición na Liga Local de Fútbol 7 - 2026, organizada polo Concello de Vila de Cruces, será de 60,00 € por equipo.

Todos os xogadores que desexen participar no campionato deberán contratar un seguro deportivo de accidentes. O custo deste seguro será de 20,00 € por xogador e terá cobertura dende o 29 de xuño ata o 31 de xullo de 2026, período previsto de duración da competición.

Os partidos disputaranse os luns, martes, mércores e xoves nos seguintes horarios:

- 1º partido: de 21:00 a 22:00 h.
- 2º partido: de 22:00 a 23:00 h.

BASES DA LIGA LOCAL DE FÚTBOL 7 – 2026

1. Esta Liga rexerá polo establecido nestas bases e, no non contemplado nelas, polas Normas de Xogo e de Competición de Fútbol 7 da Real Federación Española de Fútbol vixentes no momento da celebración da competición.
2. Os xogadores inscritos deberán ter nacido no ano 2011 ou con anterioridade.
3. Cada equipo estará composto por un máximo de 14 xogadores e un mínimo de 8.
4. Unha vez iniciada a competición non se admitirá a inscrición de novos xogadores.
5. Dez minutos antes do comezo do encontro, os equipos deberán presentar ao árbitro a relación dos xogadores participantes.
6. Os equipos aboarán 10,00 € por partido en concepto de arbitraje. Este importe deberá ser satisfeito antes do inicio do encontro. En caso contrario, o árbitro suspenderá o partido e comunicarllo á organización, considerándose o equipo como non presentado.

No caso de acumular tres impagos da cota arbitral, o equipo será excluído da competición.
7. Os delegados dos equipos teñen dereito a comprobar as actas do equipo contrario e a obriga de asinar a acta do partido, xunto co capitán e, se o houber, o adestrador, antes do seu inicio.
8. Unha vez publicados os horarios dos partidos, non se poderá modificar a data dos encontros, aínda que exista acordo entre os equipos implicados.

9. Normas de puntuación

- A vitoria valorarase con 3 puntos.
- O empate valorarase con 1 punto.
- En caso de empate a puntos entre dous equipos, terase en conta, por esta orde:
 - Resultado do enfrontamento directo.
 - Diferenza xeral de goles.
 - Maior número de goles a favor.
 - Menor número de goles en contra.

10. Normas de xogo

Aplicaranse as normas establecidas pola Real Federación Española de Fútbol para a modalidade de Fútbol 7.

- 11.** A máxima autoridade durante o encontro será o árbitro, e as súas decisións serán inapelables.
- 12.** A acumulación de dúas tarxetas amarelas implicará a suspensión dun partido para o xogador, delegado ou adestrador sancionado.
- 13.** A tarxeta vermella será sancionada cun mínimo de dous partidos de suspensión, sen prexuízo doutras sancións que poidan derivarse da gravidade dos feitos.
- 14.** O expediente disciplinario de calquera xogador, delegado ou adestrador conservarase ata o cumprimento íntegro da sanción imposta.
- 15.** En caso de coincidencia de cores entre os equipos participantes nun encontro, o equipo que figure en segundo lugar no calendario deberá cambiar a súa equipación.

16. As ausencias inxustificadas aos partidos serán sancionadas do seguinte xeito:

- 1ª non comparecencia: desconto de 3 puntos na clasificación.
- 2ª non comparecencia: desconto de 6 puntos na clasificación.
- 3ª non comparecencia: exclusión da Liga e posible prohibición de participar na seguinte edición para os responsables da infracción.

17. En caso de empate a puntos ao finalizar a competición, para os efectos da clasificación final aplicarase o regulamento da Real Federación Española de Fútbol.

18. A data límite para a inscrición dos equipos será o luns 22 de xuño de 2026 ás 21:00 horas.

19. A inscrición formalizarase a través de Whatsapp no número 617 409 895.

20. Cada equipo deberá presentar, debidamente cumprimentada, a documentación necesaria para tramitar a alta dos xogadores no seguro deportivo antes do inicio da competición.

21. Cada xogador deberá aboar a cantidade de 20,00 € en concepto de seguro deportivo. Non poderá participar ningún xogador que non estea dado de alta no seguro da competición. O seguro deberá estar abonado, como mínimo, dous días antes do inicio do torneo.

Calquera lesión sufrida durante un encontro deberá ser comunicada e posta en coñecemento do árbitro antes da finalización do partido, co fin de poder tramitar correctamente as posibles incidencias derivadas dela.

22. A formación dos grupos dependerá do número de equipos inscritos. O sistema de competición decidirse na reunión de delegados.

23. O sorteo da primeira xornada de Liga realizarase o venres 26 de xuño de 2026. A asistencia dos delegados é recomendable, xa que nesa reunión se determinará o modelo definitivo de competición.

24. O equipo gañador recibirá un premio de 200,00 €, que deberá ser consumido nun establecemento de restauración de Vila de Cruces.

25. As sancións impostas durante esta Liga manterán a súa validez para futuras competicións organizadas pola entidade organizadora, salvo disposición expresa en contrario.

26. Calquera xogador/a que actúe de forma violenta contra un árbitro, contra membros dos equipos rivais ou que cause danos ás instalacións deportivas será sancionado/a coa prohibición de participar en futuras competicións organizadas por este organismo.

27. A información relativa aos horarios dos partidos, clasificacións e demais comunicacións oficiais será remitida aos delegados dos equipos por mensaxe.

A inscrición e participación nesta competición implica a aceptación íntegra das presentes bases.

28. A organización resérvase o dereito de modificar calquera destas bases durante o desenvolvemento da competición, así como de resolver e interpretar aquelas cuestións non previstas nelas.

Vila de Cruces, 29 de maio de 2026